

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE "GALARIA EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS S.A." E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO, PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN INDUSTRIAL NO MARCO DUN PROGRAMA DE DOUTORAMENTO

REUNIDOS

03/10/24

Dunha parte, **D^a Rocío Mosquera Álvarez**, na súa condición de Directora xerente actuando en nome e representación de **Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitarios S.A.** (en adiante **GALARIA**) con C.I.F.: A15476740, con sede en domicilio en el Edificio Administrativo San Lázaro s/n (Consellería de Sanidade), 15703 Santiago de Compostela, no exercicio das facultades outorgadas por acordo do Consello de Administración da dita entidade, de data 22 de xaneiro de 2018, elevado a escritura pública o 22 de febreiro de 2018, outorgada ante el notario de Santiago de Compostela, D. Manuel Remuñán López, co número 366 do seu protocolo.

E doutra parte, **D. Antonio López Díaz**, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 35/2022, do 17 de marzo, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) nº 56, do 22 de marzo de 2022, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei Orgánica 6/2021, do 21 de decembro, do Sistema Universitario, e o artigo 83 dos Estatutos da Universidade de Santiago, aprobados polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, e publicados no DOG nº 29, do 12 de febreiro do 2014. Con enderezo en Colexio de San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, 15782 Santiago de Compostela.

Ambos representantes, recoñecéndose mutuamente capacidade xurídica suficiente, subscriben en nome das respectivas entidades o presente documento e ao efecto,

MANIFESTAN

I.- Que, dentro do obxecto social de **GALARIA** atópase "a participación en iniciativas, proxectos ou actividades de I+D+I en Biomedicina ou en Ciencias e Tecnoloxías da Saúde e outras relacionadas co sector sanitario que permitan a xeración de coñecemento científico ou tecnolóxico no ámbito da saúde, así como a súa aplicación e transferencia, sen prexuízo das competencias da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS)".

Dentro de dita actividade atópase actualmente a participación en proxectos de investigación relacionados coa mellora dos procesos de fabricación de medicamentos CAR-T e o desenvolvemento de novos CAR-Ts.

II.- Por Orde do 30 de xuño de 2023, conxunta da Consellería de Economía, Industria e Innovación e da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas para a formación de doutores e doutoras das universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG) en empresas e centros de innovación e tecnoloxía, programa Doutoramentos industriais, e se procedeu á súa convocatoria para o exercicio 2023 (código de procedemento administrativo IN606D).

De conformidade coa convocatoria, o programa doutoramentos industriais ten como obxectivos:

a) Promover a colaboración efectiva e a transferencia de coñecemento entre as universidades

do SUG e o tecido empresarial mediante a sinatura de convenios ou acordos que regulen o desenvolvemento dun proxecto de investigación industrial.

b) Potenciar a captación de mozos e mozas investigadores e investigadoras para que desenvolvan proxectos de investigación nas empresas que os contraten e que lles permita obter un doutoramento industrial en sectores de interese estratéxico rexional.

c) Posibilitar a incorporación de persoal doutor mozo ás empresas, unha vez que remate a axuda e desta maneira abrírlles novas saídas profesionais.

d) Fortalecer a colaboración entre as empresas e as universidades do SUG.

III.- Que por Resolución do 7 de decembro de 2023, conxunta da Consellería de Economía, Industria e Innovación e da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, procedeuse á adxudicación das axudas convocadas por Orde do 30 de xuño de 2023, na que Galaria aparece como beneficiaria, e como doutorando D.

IV.- Que a *Universidade de Santiago* é unha institución de dereito público que goza de autonomía e está dotada de personalidade e de capacidade xurídica e de patrimonio propios, e que ten como finalidade a prestación do servizo público da educación superior mediante a investigación, a docencia, o estudo, a transferencia do coñecemento á sociedade e a extensión universitaria.

Para tal efecto, o Real Decreto 99/2011, de 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzaas oficiais de doutoramento, prevé no seu artigo 8 que a universidade, de acordo co que estableza a súa normativa, definirá a súa estratexia en materia de investigación e de formación doutoral que se articulará a través de programas de doutoramento desenvolvidos en Escolas de Doutorado ou nas súas outras unidades competentes en materia de investigación, de acordo co establecido nos estatutos da universidade, nos respectivos convenios de colaboración e no citado real decreto.

A citada estratexia contará preferentemente con aliados externos para a súa posta en marcha en virtude de complementariedades, compartición de excelencia ou sinerxias coas estratexias de I+D+i doutras institucións. Neste sentido, os programas de doutoramento poden levarse a cabo de forma conxunta entre varias universidades e contar coa colaboración, expresada mediante un convenio, doutros organismos, centros, institucións e entidades con actividades de I+D+i, públicos ou privados, nacionais ou estranxeiros.

Por outra banda, o artigo 15.bis do citado Real Decreto 99/2011, de 28 de xaneiro, prevé que o título de Doutor poderá incluír a mención "Doutorado industrial", sempre que concorran unha serie de circunstancias que o mesmo precepto refire.

V.- Ambas institucións consideran que a colaboración mutua pode contribuír ao mellor desenvolvemento das actividades que lle son propias e consecución dos seus fins, así como á optimización dos seus recursos materiais e humanos, polo que conveñen na sinatura do presente convenio de colaboración que someten ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio é establecer os termos polos que se rexerá a colaboración efectiva entre as partes para que o doutorando, designado por Resolución do 7 de decembro de 2023, conxunta da Consellería de Economía, Industria e Innovación e da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, pertencente a un *Programa de*

doutoramento da Universidade de Santiago (en adiante, o Programa), poida realizar a tese doutoral no marco dun proxecto de investigación industrial, aos efectos de optar á Mención de "Doutoramento Industrial".

O devandito proxecto realizarase nun entorno dual, empresarial e académico, o que implica a necesaria participación conxunta dun supervisor designado/a por GALARIA, e dun director/a de tese designado/a pola **Universidade de Santiago**, así como a organización e distribución do tempo de traballo do doutorando/a entre ambas institucións.

SEGUNDA.- OBRIGAS DAS PARTES

1. GALARIA asume as seguintes obrigas:

- a) Designar a unha persoa supervisora do doutorando que sexa a responsable do desenvolvemento do proxecto por parte da empresa.
- b) Formalizar un contrato laboral ou mercantil co doutorando/a cos requisitos indicados na cláusula cuarta.
- c) Proporcionar ao doutorando/a contratado/a o apoio necesario e facilitarlle a utilización dos medios, subministros, instrumentos ou equipos que resulten precisos para o normal desenvolvemento da súa actividade.
- d) Apoiar e facilitar a formación do doutorando/a contratado/a, garantindo o cumprimento de todas as actividades formativas exixidas polo Programa.
- e) Velar por que os doutorandos/as contratados/as se beneficien da eventual explotación dos seus resultados en I+D mediante a adecuada protección xurídica, especialmente en materia de protección de dereitos de propiedade intelectual e de autor.
- f) Facilitar a información e a formación necesarias en materia de prevención de riscos laborais para garantir a seguridade no traballo desenvolvido dentro das instalacións da empresa.
- g) Facilitar as accións de mobilidade (asistencia a congresos, seminarios, estancia nunha sede internacional da empresa ou grupo de investigación internacional) que o doutorando/a realice ao longo do seu proxecto e que sexan preceptivos segundo a Convocatoria de Doutoramento Industrial en vigor e segundo a normativa establecida pola Consellería de Facenda e Administración Pública sobre contías das indemnizacións por razón de servizo e de acordo co recollido no Anexo ao presente convenio.
- h) Visar e validar a memoria xustificativa do proxecto que realice a doutorando/a.
- i) Velar polo cumprimento das obrigas contempladas neste Convenio.

2. A Universidade de Santiago asume as seguintes obrigas:

- a) Designar a un director/a de tese que sexa o responsable académico do desenvolvemento do proxecto por parte da Universidade.
- b) Proporcionar ao doutorando/a o apoio necesario e facilitarlle os medios ou equipos que sexan necesarios para o desempeño normal da súa actividade.
- c) Supervisar con regularidade o desenvolvemento do proxecto de investigación e de tese

doutoral.

d) Velar polo cumprimento das obrigas recollidas no Compromiso Documental de Supervisión.

e) Facilitar ao doutorando/a a realización da formación adicional e a participación na formación que organice a propia entidade.

f) Supervisar a calidade da tese de doutoramento.

TERCEIRA.- RESPONSABLES

En cumprimento das previsións contidas no Real Decreto 99/2011, de 28 de xaneiro, por parte da **Universidade de Santiago** o doutorando/a contará coa supervisión académica de:

- Un **director/a de tese** designado pola Comisión Académica do Programa segundo o procedemento regulamentariamente establecido.
- A Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD), que avaliará a tese en función da súa calidade e grao de innovación.
-

Por parte da **GALARIA**, o doutorando/a contará cun supervisor/a que poderá exercer como director/a da tese sempre que cumpra cos requisitos establecidos pola Universidade Santiago.

CUARTA.- CONDICIÓN PARTICULARES DE REALIZACIÓN DA TESE DE DOUTORAMENTO

1. Para a tese de doutoramento que se acollerá ao estipulado neste convenio de colaboración elaborárase un Anexo de Cláusulas Particulares, que terá o contido mínimo previsto no Anexo I do presente convenio, que formará parte integrante deste, e que asinarán o/a director/a da Escola de Doutoramento Internacional da Universidade de Santiago, o/a coordinador/a do Programa, o/a supervisor/a designado/a por **GALARIA**, e o doutorando, onde se indicará, como mínimo:

a) Persoa que exercerá a dirección de tese por parte da Universidade de Santiago.

b) Supervisor/a designado/a por GALARIA. Dito/a supervisor/a poderá exercer como director/a da tese sempre que cumpra cos requisitos establecidos pola Universidade Santiago.

c) Forma na que se distribuirá o tempo de traballo do doutorando entre a contorna académica e a empresarial, e o réxime de dedicación aos estudos de doutoramento que teña asignados no seu expediente na **Universidade de Santiago**.

d) Modalidade de contratación e duración do contrato laboral coa Empresa. No contrato deberá especificarse que, entre as funcións a desenvolver polo doutorando na empresa estará a de desenvolver o proxecto de investigación industrial. A duración do contrato deberá cubrir, como mínimo, o 50% do tempo mínimo de permanencia nos estudos de doutoramento na Universidade de Santiago, polo que a súa duración cubrirá 18 meses de matrícula no Programa de doutoramento desde a formalización da mesma. Para tal efecto, o doutorando asumirá o compromiso de manter activa a matrícula no Programa, cumprir cos prazos e requirimentos reflectidos no compromiso documental de supervisión, e informar dos cambios ou variacións que se poidan producir na súa situación académica.

O tempo de dedicación do doutorando á elaboración do proxecto de investigación industrial deberá abranger o 100% da xornada laboral.

e) Programa de doutoramento.

f) Título ou breve descrición do proxecto.

g) Obxectivos da tese.

2. De conformidade co previsto no artigo 22.4 da Orde do 30 de xuño de 2023, conxunta da Consellería de Economía, Industria e Innovación e da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas para a formación de doutores e doutoras das universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG) en empresas e centros de innovación e tecnoloxía, programa Doutoramentos industriais, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2023, o persoal investigador contratado ao abeiro destas axudas poderá prestar colaboracións complementarias en tarefas docentes ata un máximo de 30 horas anuais, logo de autorización da universidade en que se vaian realizar as tarefas docentes e coa aprobación da persoa directora da tese.

Esta colaboración realizarase en docencia de mestrado (preferiblemente) ou grao e non poderá supor a substitución da docencia do profesorado responsable da materia, e deberá facerse en coordinación e en paralelo co responsable docente. En ningún caso a persoa contratada con cargo a estas axudas poderá ser responsable ou coordinadora da materia.

En base ao anterior, e tendo en consideración o disposto na Resolución da Vicerreitoría de Organización Académica e do Campus de Lugo para regular a colaboración na docencia do persoal investigador contratado a través de programas de recursos humanos, incorpórase como Anexo II o documento de colaboración docente.

QUINTA.- FINANCIAMENTO DO PROXECTO.

Os gastos derivados da execución do presente convenio de colaboración cubriranse con cargo á subvención outorgada a GALARIA e da Universidade de Santiago pola Resolución do 7 de decembro de 2023, conxunta da Consellería de Economía, Industria e Innovación e da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, polo que non precisará de dotacións orzamentarias específicas.

SEXTA.- FORMACIÓN E MOBILIDADE

As solicitudes para realizar as estadias financiadas pola convocatoria de Doutoramento industrial realizaranse de xeito consensuado entre o doutorando, a **Universidade de Santiago**, e **GALARIA**. No **Anexo de cláusulas particulares** reflectiranse as medidas a adoptar para tal fin, no seu caso.

SÉTIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para supervisar a execución deste convenio crearase unha Comisión de Seguimento paritaria que terá como funcións a de realizar o seguimento das actividades que constitúen o seu obxecto, velar polo seu correcto desenvolvemento, así como resolver as dúbidas e cubrir as lagoas que poidan xurdir no cumprimento ou interpretación das cláusulas do convenio, así como aquelas outras que determinen as partes asinantes.

A Comisión de seguimento estará integrada por catro persoas representantes, dúas por cada institución asinante, que serán:

- Pola parte da **Universidade de Santiago**.
 - o A persoa responsable da dirección académica da tese de doutoramento.
 - o A persoa que ostente o cargo de vicerreitor/a con competencias en doutoramento ou persoa en quen delegue.
- Pola parte de **GALARIA**
 - o A persoa designada para a supervisión do doutorando.
 - o A persoa responsable no departamento ou unidade na que se desenvolva o proxecto.

OITAVA.- PUBLICACIÓNS DERIVADAS E USO DA IMAXE CORPORATIVA

Se unha das partes está interesada en empregar os resultados parciais ou finais do proxecto, en parte ou totalmente, para calquera forma de difusión e comunicación pública (artigo, conferencia, etc.), deberá solicitar a conformidade da outra parte por escrito. Esta deberá comunicar a autorización manifesta ou o desacordo nun prazo máximo de 30 días. Transcorrido este prazo sen resposta, a petición entenderase estimada.

O doutorando pode redactar, co consentimento previo da **GALARIA**, publicacións relacionadas co proxecto. De conteren aquelas publicacións información suxeita á propiedade intelectual, industrial ou cuxa titularidade pertenza á empresa, o doutorando deberá obter a autorización previa e expresa do seu supervisor/a designado/a por **GALARIA**, para proceder á difusión e comunicación pública das publicacións.

A prohibición para a difusión pública dos resultados debe estar motivada. No caso de desconformidade ou reservas, a parte desconforme deberá argumentar o efecto negativo que a referida publicación ten sobre a capacidade de protección e explotación do resultado concreto. As Partes deberán alcanzar un acordo respecto diso no prazo máximo de tres (3) meses desde a comunicación de borrador de publicación. No caso de persistir o conflito, será sometido á decisión primeiramente da Comisión de Seguimento, ou dos tribunais competentes no caso de que non se acade o consenso.

En calquera caso, calquera acto de difusión e comunicación pública que se autorice incluírá o logotipo oficial de **GALARIA** e da **Universidade de Santiago**, e conterá a completa e inequívoca referencia ao proxecto desenvolvido, á orixe do seu financiamento e os créditos respecto da filiación institucional e mención da autoría.

NOVENA.- CONFIDENCIALIDADE DA INFORMACIÓN E DOS RESULTADOS

Consonte ao establecido no artigo 14.6 do Real Decreto 99/2011, de 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento, a **Universidade de Santiago** comprométese a habilitar os procedementos referidos no seu Regulamento para asegurar a non publicidade daqueles contidos afectados por acordos de confidencialidade ou que puideran dar lugar a patentes durante os procesos de depósito da tese, acto de defensa, e difusión da mesma nos repositorios oficiais.

Do mesmo xeito, trataranse de forma confidencial os resultados derivados do proxecto, sen prexuízo da súa utilización por parte do doutorando para a realización e defensa de súa tese, en virtude da normativa aplicable aos estudos de doutoramento. Para estes efectos, enténdese por resultado derivado do proxecto toda a información, documentación, coñecementos técnicos, científicos, equipos ou materiais, *know-how*, métodos de traballo, datos ou estatísticas obtidos no desenvolvemento do proxecto obxecto deste Convenio.

En todo caso, a confidencialidade prevista non poderá estenderse máis dun ano, prorrogable a outro ano máis se concorren circunstancias que o xustifiquen, desde a data de defensa da tese, salvo autorización expresa dos órganos competentes en base a un informe motivado.

De maneira análoga, **GALARIA** comprométese a facilitar o desenvolvemento destes procesos necesarios para levar a cabo a avaliación, defensa e publicación da tese, nos termos previamente establecidos polas partes que salvagarden a información sometida a cláusulas de confidencialidade.

Do mesmo xeito, calquera outra información que as partes intercambien para o desenvolvemento do proxecto debe ser tratada de forma confidencial por ámbalas dúas partes. A tal fin, as partes comunicaranse por escrito que información, de entre toda a que intercambien.

Os parágrafos anteriores non afectarán cando:

- a) A parte receptora teña evidencia de que coñecía previamente a información recibida.
- b) A información recibida sexa de dominio público.
- c) A parte receptora adquirise esta información dun terceiro sen compromiso de confidencialidade.

As partes comprométense a que o persoal participante no proxecto coñeza e observe os compromisos de confidencialidade regulados nesta cláusula, e que a información que compartan sexa coñecida e empregada unicamente polas persoas que participan no proxecto.

As partes obríganse, así mesmo, a informarse inmediatamente de calquera actuación contraria aos pactos contemplados nesta cláusula da que teñan coñecemento e a poñer todos os medios ao seu alcance para bloquear os usos indebidos da información confidencial.

A contravención do deber de confidencialidade pode dar lugar á resolución do presente Convenio, sen prexuízo das consecuencias legais que podan derivarse para o infractor e a solicitude eventual de danos e prexuízos da parte afectada.

DÉCIMA.- PROPIEDAD INTELECTUAL E INDUSTRIAL

A propiedade intelectual da tese realizada ao abeiro deste convenio e como consecuencia do proxecto industrial desenvolvido corresponde ao doutorando, así como ao persoal que contribuíu á súa creación, que conservarán todos os dereitos morais sobre a propiedade intelectual e, especialmente, o dereito a seren recoñecidos como autores/as da obra de acordo co Real Decreto Lexislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, regularizando, aclarando e harmonizando as disposicións legais vixentes sobre a materia.

En canto á propiedade industrial, recoñecerase como inventores ao doutorando e persoal que contribuíu á creación da tese. A este respecto, en caso de xeración dun novo resultado, o doutorando/a terá dereito a participar nos beneficios que lle poidan corresponder aos autores/inventores en proporción á súa achega na obtención do resultado segundo o disposto normativa de propiedade intelectual e industrial vixente.

Cada parte seguirá sendo propietaria dos coñecementos previos aportados ao proxecto, que non se entenderán cedidos á outra parte en virtude deste convenio.

As Partes deberán formalizar no menor prazo posible o oportuno Acordo de Cotitularidade e Explotación de Resultados que deberá establecer as porcentaxes de propiedade e as condicións de explotación e protección dos resultados, tendo en consideración a contribución financeira e intelectual de cada parte aos resultados conxuntos, así como o valor comercial potencial e as aplicacións do mesmo. Distribuiranse de igual maneira os gastos nos que se puidese incorrer con ocasión do recoñecemento e/ou defensa de tales dereitos fronte a terceiros.

Ata que devandito Acordo de Cotitularidade e Explotación de Resultados non sexa alcanzado, ningunha das Partes poderá explotar directamente nin licenciar o resultado conxunto, podendo unicamente utilizar o resultado obtido conxuntamente para fins internos de investigación ou demostración pre-comercial.

Se unha das partes decidise non participar na solicitude de protección por patente ou rexistro, ou decidise non manter dita protección, poderá ofrecer a transferencia destes dereitos ou dos seus dereitos de explotación á outra parte. Neste caso, esta poderá obter a titularidade da patente ou rexistro, ou dereito de explotación. Acordaranse os termos da mesma en base a un estudo caso por caso.

DÉCIMO PRIMEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes manifestan e se comprometen a darlles aos datos de carácter persoal que sexan obxecto de tratamento como consecuencia do desenvolvemento do presente convenio un uso adecuado no marco do disposto pola normativa europea en materia de protección de datos de carácter persoal integrado polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (RXPd), pola Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD) e polas demais normas de desenvolvemento. que resulten aplicables.

Na execución deste convenio as partes declaran que asumen a condición de responsables do tratamento independentes, xa que cada unha no seu propio ámbito de actuación determina os medios e os fins dos tratamentos de datos necesarios; e que non se dan as condicións para ser consideradas corresponsables do tratamento ao abeiro do previsto no RXPd. En consecuencia, cada unha das partes asinantes responderá individualmente fronte ás persoas afectadas e fronte ás autoridades de control competentes, do incumprimento das súas obrigas correspondentes en materia de protección de datos persoais, así como das infraccións en que tivese incorrido.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante comunicación ao enderezo social do responsable do tratamento que corresponda, así como, de existir, a través de correo electrónico aos respectivos delegados de protección de datos (no caso de GALARIA: delegado.proteccion.datos@sergas.gal; no caso da Universidade de Santiago: dpd@usc.gal). Se unha solicitude de exercicio de dereitos se presentase diante da parte que non sexa a competente para a súa tramitación e resolución, esta daralle traslado á competente á maior brevidade posible, informando disto á persoa interesada.

Se a correcta execución dalgunha das prestacións deste convenio requirise a cesión de datos persoais dunha das partes á outra, esta terá a súa base de lexitimación, cando menos, no cumprimento do presente convenio, de conformidade co establecido no artigo 6.1.b) do RXPd, sempre e cando se limite aos mínimos imprescindibles para acadar o fin perseguido. En todo caso, a entidade cesionaria adoptará as medidas adecuadas para limitar o acceso dos seus empregados aos datos persoais cedidos durante a vixencia deste convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- MODIFICACIÓN E CANCELACIÓN

As partes poden acordar a modificación parcial dos termos do presente convenio para adaptalo a novas necesidades sobrevidas, a través da sinatura dunha addenda, previa comunicación por escrito e tras o acordo unánime.

As partes poderán denunciar o presente convenio en calquera momento, por escrito. Con independencia do dereito que as asiste nos supostos de incumprimento tratados na cláusula seguinte, no caso de que tanto a Universidade como a **GALARIA** decidiran a terminación anticipada deste convenio deberán comunicarllo por escrito á outra parte coa antelación dun mes.

DÉCIMO TERCEIRA.- CAUSAS DE EXTINCIÓN

Son causas de extinción do presente convenio:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- O transcurso do prazo máximo de vixencia do mesmo incluído no período de prórroga.
- O acordo unánime das partes asinantes.
- O incumprimento, total ou parcial, das obrigas por parte dalgún dos asinantes.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Por calquera das causas contempladas na normativa da universidade sobre o contido do convenio.

DÉCIMO CUARTA.- RÉXIMEN XURÍDICO E CONTROVERSIAS.

Este documento ten a natureza dos Convenios de colaboración previstos en capítulo VI da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e recollidos no artigo 4 e 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 quedando por tanto fóra da regulación contractual, cuxos principios, con todo, aplicaranse na resolución de dúbidas e lagoas que puidesen exporse.

As cuestións litixiosas ás que poida dar lugar a interpretación, modificación, efectos ou resolución do contido do presente convenio resolveranse de mutuo acordo entre as partes, mediante diálogo e negociación. Cando non sexa posible a súa resolución no seo da Comisión de Seguimento, quedarán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

DÉCIMO QUINTA.- VIXENCIA

Este convenio entrará en vigor a partires da data da súa sinatura e terá unha duración de 4 (catro) anos.

A efectividade do obxecto do convenio para o doutorando recollido no anexo, quedará condicionada a súa admisión e matrícula nos estudos de doutoramento, a concesión da axuda da Convocatoria de Doutoramento Industrial e á formalización do contrato derivado da mesma.

No obstante, antes do final do prazo previsto se as circunstancias o fan aconsellable, as partes por unanimidade poderán acordar a súa prórroga polo período necesario e sempre dentro do límite máximo de ata catro anos adicionais establecido na lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e do límite máximo de duración dos estudos de

doutoramento.

DÉCIMO SEXTA.- REXISTRO DE CONVENIOS, TRANSPARENCIA E BO GOBERNO.

A sinatura deste convenio de colaboración implica que ambas partes poidan facer públicos os datos de carácter persoal das persoas asinantes que figuran nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

E, en proba de conformidade total, as partes asinan o presente Convenio, en dous exemplares orixinais, no lugar e na data indicados, ou na data da última sinatura electrónica.

Pola Universidade de Santiago de
Compostela

Por GALARIA EMPRESA PÚBLICA DE SERVICIOS
SANITARIOS S.A (GALARIA)

Antonio López Díaz

Rocío Mosquera Álvarez

ANEXO DE CLÁUSULAS PARTICULARES AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E GALARIA EPSS SA PARA A REALIZACIÓN DUN DOUTORAMENTO INDUSTRIAL

En Santiago de Compostela

COMPARECEN

Dunha parte , Director da Escola de Doutoramento da Universidade de Santiago de Compostela,

Da outra Rocío Mosquera Álvarez, actuando en representación de GALARIA en calidade de Directora xerente desta entidade, e con poder suficiente para a firma do presente Convenio.

EXPOÑEN

Este documento asínase ao amparo do Convenio formalizado entre a Universidade de Santiago de Compostela e a entidade GALARIA e co obxecto de fixar as condicións específicas nas que se concreta a colaboración efectiva entrambas para a realización dun doutoramento con Mención Industrial acollido á convocatoria de axudas para doutoramentos industriais en vigor (Orde do 30 de Xuño de 2023).

DATOS DO DOUTORANDO

- Nome:
- DNI/Pasaporte:

DATOS ACADÉMICOS DO PROGRAMA DE DOUTORAMENTO

- Programa de Doutoramento: Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos
- Data de inicio no Programa: 09/10/2023
- Directores da tese que constan no seu expediente¹

PERSOAS RESPONSABLES DO DOUTORANDO

- Supervisor na Empresa:
- Director na Universidade:

CONDICIÓNS DO CONTRATO ENTRE O DOUTORANDO/A E A EMPRESA

As condicións específicas do contrato laboral ou mercantil son as seguintes:

Dedicación a tempo completo cunha xornada de 36,66 de luns a venres. A duración do contrato é de 3 anos cun período de proba de 3 meses. O salario anual bruto do traballador será de 20614,80 euros. O período de vacación será de 30 días naturais (22 laborables)

Tipo de contrato: Temporal

Data de comezo: 22/12/2023

TEMÁTICA DO PROXECTO E DA TESE

Título ou breve descrición do proxecto na empresa:

DESEÑO, OPTIMIZACIÓN E MANUFACTURA DE VECTORES NON-VIRALES PARA A PRODUCCIÓN DE MEDICAMENTOS CAR-T

¹ Tramitada inclusión do Dr. Luis Álvarez Vallina como terceiro director da tese

Obxectivos da tese:

- i. Diseñar vectores non virais capaces de transducir células T de forma eficiente.
- ii. Demostrar que os produtos celulares (células CAR-T) obtidos cos vectores non virais deseñados son comparables e/ou achegan melloras respecto aos obtidos cos vectores virais utilizados na clínica (lentivirus).
- iii. Determinar o efecto antitumoral das células CAR-T obtidas cos vectores non virais en modelos murino-experimentais de cancro.
- iv. Optimizar o proceso de manufactura e de control de calidade dos vectores non virais e das células CAR-T obtidas con estes vectores e escalarlo a condicións GMP.

FORMACIÓN E MOBILIDADE

Especificar no seu caso as medidas adoptadas para facilitar a formación/mobilidade do doutorando:

Facilitarase a mobilidade para asistir a formación do Programa de Doutoramento, así como para realizar experimentos puntuais fora da empresa, ben na USC ou noutros centros tecnolóxicos. Seleccionarase e facilitarase unha estadía nun centro estranxeiro, seleccionado conxuntamente polo Director universitario e o Supervisor da empresa.

FINANCIAMENTO

Os gastos derivados da realización da tese doutoral tales como gastos de mobilidade do doutorando e gastos académicos, deberán acordarse entre a empresa e o doutorando/a

E en proba de conformidade asinan o presente documento con sinatura electrónica

Pola Universidade Santiago de Compostela

Por GALARIA EMPRESA PÚBLICA DE
SERVIZOS SANITARIOS S.A

O director da escola de doutoramento

A Directora- Xerente
Rocío Mosquera Alvarez

A coordinadora do PD

A directora da tese

A directora da tese

O doutorando

ANEXO DE COLABORACIÓN DOCENTE

En virtude do establecido no artigo 22.4 da ORDE do 30 de xuño de 2023, conxunta da Consellería de Economía, Industria e Innovación e da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas para a formación de doutores e doutoras das universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG) en empresas e centros de innovación e tecnoloxía, programa Doutoramentos industriais, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2023 (DOG núm. 155, do 17 de agosto de 2023).

O persoal investigador contratado ao abeiro destas axudas poderá prestar colaboracións complementarias en tarefas docentes ata un máximo de 30 horas anuais, logo de autorización da universidade en que se vaian realizar as tarefas docentes e coa aprobación da persoa directora da tese.

Esta colaboración realizarase en docencia de mestrado (preferiblemente) ou grao e non poderá supor a substitución da docencia do profesorado responsable da materia, e deberá facerse en coordinación e en paralelo co responsable docente. En ningún caso a persoa contratada con cargo a estas axudas poderá ser responsable ou coordinadora da materia.

En base ao anterior, e tendo en consideración o disposto na Resolución da Vicerreitoría de Organización Académica e do Campus de Lugo para regular a colaboración na docencia do persoal investigador contratado a través de programas de recursos humanos, asínase esta adenda entre as partes involucradas mediante a cal se posibilita a impartición da docencia por parte dos doutorandos e doutorandas beneficiarios/as destas axudas na devandita convocatoria.

Deste xeito, as partes comprométense a:

- Universidade de Santiago de Compostela: os departamentos facilitarán a prestación de colaboración complementaria en tarefas docentes ao persoal investigador contratado ao abeiro destas axudas.
- GALARIA posibilitará a asistencia do persoal investigador contratado en consonancia coas súas obrigas docentes.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Pola USC

O director da escola de doutoramento

Pola empresa

A Directora-Xerente
Rocío Mosquera Álvarez

O Doutorando